

Resolución pola que se amplía o prazo de realización do segundo exercicio das probas selectivas convocadas por resolución reitoral do 28 de febreiro de 2024 para cubrir unha praza da categoría profesional cociñeiro/a, grupo IV.1, pola quenda acceso libre.

O primeiro exercicio da fase de oposición correspondente ao proceso selectivo que se cita foi realizado o día 19 de decembro de 2024.

Á vista da proposta do tribunal cualificador, o reitor tendo en consideración as circunstancias de carácter organizativo que concorren e de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, resolve:

Ampliar o prazo máximo establecido no artigo 16 do Real decreto 364/1995 para estes supostos, sempre que non exceda da metade do mesmo, para a realización do segundo exercicio do proceso selectivo para cubrir unha praza da categoría profesional cociñeiro/a, grupo IV.1,pola quenda de acceso libre

Contra esta resolución de ampliación de prazo non cabe ningún recurso, de acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

O reitor  
Antonio López Díaz  
(Sinatura dixital)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
04/02/2025 16:23:05.

CSV: 1354-4A5C-4603-9A43